

Curso 2013/2014

# CONSERVACIÓN DE VALORES NATURAIS E DA PAISAXE NA RESERVA DA BIOSFERA 'TERRAS DO MIÑO' MEDIANTE A PROMOCIÓN DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

NA BUSCA DE SOLUCIÓNS PARA UN TERRITORIO EN DECLIVE

*MÁSTER EN XESTIÓN SUSTENTABLE DA TERRA E DO TERRITORIO  
UNIV. SANTIAGO DE COMPOSTELA*

---

*Obradoiro de estudantes internacional celebrado en Lugo do mércores 5 ao venres 7 de marzo de 2014*

---

## ORGANIZADORES



Universidade de Santiago de Compostela

*Máster en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio*



Universidade de Ciencias Aplicadas de Van Hall Larenstein

---

## COA COLABORACIÓN DE:





Alumnos e alumnas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e da Universidade de Ciencias Aplicadas de Van Hall Larenstein de Holanda (VHL) reuníronse o mércores día 5 de marzo no que foi a primeira toma de contacto entre os estudantes. Durante tres días formaron varios equipos de traballo no marco dun taller sobre a *Conservación de valores naturais e da paisaxe na reserva da biosfera 'Terras do Miño' mediante a promoción dos sistemas alimentarios locais*. Para elo, seleccionouse unha área de estudo representativa dos problemas que se poden atopar na reserva da biosfera co propósito de atopar solucións extrapolables, a través dun caso particular.

O primeiro que se fixo foi avanzar unha proposta de obradoiro cun carácter nomeadamente práctico sobre o territorio a estudar. En total participaron no curso intensivo quince alumnos, 6 deles da

Universidade de Holanda, acompañados por tres dos seus mestres, e os outros 9 estudantes do Master de Xestión Sustentable da Terra e do Territorio que se imparte no Campus de Lugo. Dos nove alumnos e alumnas que reciben formación na cidade das Murallas, tan só catro eran de orixe galega. Tres deles eran de Ecuador, un de México e outra alumna era da República Checa.

O primeiro paso antes de meterse de cheo na análise da área de estudo foi a creación de tres grupos de traballo que se mantiveron ata o final do obradoiro.

Foi o segundo taller destas características que o Master Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio desenvolveu coa Universidade holandesa de Van Hall Larenstein e, ao igual que o anterior, estivo orientado a ofrecer aos alumnos a oportunidade de traballar nun ambiente internacional e multidisciplinar no que adquirir novas competencias a partir da participación nunha experiencia próxima ás situacións reais que os mozos atoparán ao longo da súa traxectoria profesional. Os obradoiros pretenden, asemade, ofrecer novas perspectivas aos problemas territoriais galegos mediante a achega de novas visións grazas á cooperación que se establece entre os profesores e alumnos doutros países.

Nos tres últimos anos o Master Terra ofreceulles aos alumnos a oportunidade de participar en talleres de carácter internacional con estudantes de ata doce países diferentes celebrados en lugares como Portugal, Grecia e Holanda. Nestes eventos téñense tratado problemáticas territoriais que ían dende a adaptación ao cambio climático, a preservación de valores naturais, o desenvolvemento rural e o fomento de sistemas alimentarios locais. Ao mesmo tempo, o Master Terra ten convidado a profesores expertos de Noruega, Alemaña e Holanda, para compartir cos alumnos as experiencias nos seus países de orixe en temas como o planeamento urbano, a ordenación territorial, a xestión de terras ou a resolución de conflitos territoriais.

## OS ALUMNOS AFONDAN NAS CARACTERÍSTICAS DA RESERVA DA BIOSFERA 'TERRAS DO MIÑO'

---



O primeiro que os estudantes galegos comentaron cos seus homólogos holandeses foi o cambio no tempo que tiveron a sorte de experimentar. Galicia estivo sometida durante varias semanas a importantes fenómenos meteorolóxicos adversos que deixaron unha paisaxe de ríos desbordados e terras anegadas. Era a primeira semana sen choiva desde o comezo do ano 2014, aínda que a súa pegada era evidente no Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera a carón do río Rato, en Lugo, onde os alumnos recibiron as primeiras ensinanzas sobre o caso de estudo e a metodoloxía de traballo.

A reserva da biosfera 'Terras do Miño' abrangue unha superficie de 363.668 hectáreas, o que supón o 39% do territorio da provincia de Lugo. As reservas da biosfera constitúen unha rede mundial de espazos naturais creada pola Unesco, destinadas a contribuír á conservación da biodiversidade dos elementos naturais e ao fomento e desenvolvemento socio-económico da poboación local. EEUU é o primeiro país do mundo en canto ao número de reservas declaradas, seguido por España.

Terras do Miño é tamén coñecida como 'Reserva da paisaxe da auga' e foi a primeira reserva da biosfera distinguida pola Unesco en Galicia, no ano 2002. A súa extensión faina ser a máis grande da comunidade e a segunda de toda a Península Ibérica. Dela forman parte 26 concellos da conca alta do Miño, entre eles a capitalidade da provincia: Lugo.

É un espazo que lle dá acubillo a especies vexetais e animais, algunhas delas en perigo de extinción. Na súa superficie identificáronse ata 32 hábitats de interese comunitario. A de Lugo é ademais a única provincia de España na que máis do 55% do territorio está declarado reserva da biosfera con tres territorios recoñecidos: Terras do Miño, Ancares e Río Eo, Oscos e Terras de Burón.

## APROXIMACIÓN A ÁREA DE ESTUDIO: CELA E TABOI

---



Antes de penetrar de xeito directo sobre o territorio a estudar, os alumnos e alumnas do obradoiro recibiron abundante información nas áreas arredor das que máis adiante ía xirar a súa acción. O Laboratorio do Territorio elaborou un texto introdutorio á área de estudo e uns mapas que serviron como información de partida. Nel explicóuselles a importancia das reservas da biosfera para ensaiar e demostrar enfoques innovadores do desenvolvemento sostible dende escalas locais a escalas internacionais.

A través da observación de varios mapas comprobaron como a reserva da biosfera Terras do Miño está formada por dúas grandes áreas: as montañas do norte da Serra do Xistral e a meseta interior da Terra Chá, atravesada polo Miño e os seus afluentes. Esta meseta caracterízase ademais polo dominio das agras, unha especie de open fields creados durante séculos polos agricultores para aproveitar ao máximo os recursos dos que dispuñan.

Tradicionalmente as agras galegas compúñanse de terreos de cultivo abertos rodeados por algún tipo de valado e subdivididos mediante marcos en varias parcelas. Cada unha delas mantiña o mesmo cultivo durante todo o ano e, no momento da súa recollida, deixábanse entrar os animais para aproveitar os restos e fertilizar a terra. Tamén se deu conta da importancia dos toxos para manter a fertilidade das agras, de maneira que o 70% dos montes da Terra Chá estaban cubertos por toxo e o 22% contiñan árbores. A instantánea da época sería a dun territorio composto por bosques, zonas de matos e parcelas agrícolas cunha ampla variedade de especies de flora e fauna asociadas a estas paisaxes agroforestais. A estampa mudaría de xeito radical nos anos 60 cando os agricultores comezaron a depender dos fertilizantes químicos e mingou a capacidade de producir alimentos utilizando recursos locais. Isto fixo que perderan parte da súa soberanía alimentaria, posto que comezaron a depender de insumos externos.

As granxas familiares orientadas ao autoconsumo e a venda dos pequenos excedentes nos mercados locais tiveron que dar o paso a unha

agricultura industrializada orientada ao comercio, centrada principalmente na produción intensiva de leite. A entrada no mercado común obrigou á readaptación do sistema, a unha maior especialización na produción de leite e á desaparición das pequenas explotacións. O minifundismo dificultou o aumento da superficie cultivable das explotacións e, xa que logo, dispor de terra suficiente para producir forraxe para un número crecente de cabezas de gando, polo que se volveron dependentes do procedente de fóra de Galicia, ao igual que aconteceu cos abonos. Todos estes cambios trouxeron consigo unha nova fotografía do territorio. É neste punto onde se lles explica aos estudantes a importancia de manter a produción de recursos locais como unha vía a través da cal incrementar os ingresos dos agricultores e reducir a súa dependencia do exterior. Para elo proponse que as prácticas tradicionais se volvan máis rendibles. Apóstase pola promoción dos sistemas alimentarios locais na reserva da biosfera de xeito que se contribúa a preservar a paisaxe e os seus valores naturais asociados.



## QUE EVOLUCIÓN EXPERIMENTOU O TERRITORIO NOS DOS ÚLTIMOS ANOS?

A proposta de estudo centrouse en dúas parroquias do municipio de Outeiro de Rei: Cela e Taboi, que os alumnos e alumnas tiveron a posibilidade de coñecer in situ. Son dúas parroquias que se atopan no límite da Terra Chá e que manteñen unha importante actividade agrícola. Cela viuse máis afectada polo envellecemento poboacional e a penas conserva algúns cultivos destinados á produción de alimentos para o consumo propio. En Taboi mantéñense varias explotacións grandes que proseguen cunha actividade importante.

A paisaxe encheuse de masas forestais que se xestionan de xeito intensivo, como ocorre cos pinos ou os eucaliptos. Chama a atención tamén a venda da propiedade para construcións que se converten en segundas residencias ou residencias principais de xente de Lugo ou de zonas próximas. Á hora de seleccionar o espazo sobre o que traballar foi decisivo tamén que parte da zona de estudo estea incluída dentro dun Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) da Rede Natura 2000; o LIC Ladra, Parga, Támoga que está formado polos cursos destes ríos, humedais asociados e un tramo do río Miño.

A área de estudo ofrecía un exemplo de cómo as dinámicas territoriais afectaron aos recursos naturais e da paisaxe na reserva da biosfera, xa que nela puideron observarse dinámicas de envellecemento poboacional, agricultura industrializada, dinámicas de cambio do uso do solo fomentadas pola proximidade de áreas urbanas e, a maiores, posuía valores naturais recoñecidos polo LIC.

## OS GRUPOS VISITAN CELA E TABOI

---

A saída en bicicleta cara a Cela e Taboi desde Rábade foi a mellor oportunidade para testar a temperatura e poder enchouparse dos elementos máis característicos da ordenación do territorio en Galicia e, máis polo miúdo, do contraste que se establece entre os contornos urbanos e os rurais. Sen embargo, o verdadeiramente significativo desta visita foi a posibilidade que lles abriu aos estudantes de poder intercambiar impresións e pareceres cos veciños e veciñas da zona.

Os alumnos do Masterterra foron os encargados de facer de intérpretes entre os alumnos e alumnas holandeses e os habitantes de Cela e Taboi que, con amabilidade, responderon a numerosas preguntas sobre o seu modo de vida e costumes. Nalgunha das fotografías que o grupo tomou pódese ver aos mozos e mozas e aos veciños do lugar mantendo unha conversa cun muro de bloque por medio, unha estrutura típica para delimitar a propiedade no rural galego. Máis tarde esa mesma instantánea foi empregada por un dos grupos de traballo para referirse aos problemas que ameazan ao territorio.

No transcurso da visita o grupo interesouse por coñecer o tipo de persoas que aínda residen na zona, maioritariamente xente maior dedicada á agricultura a pequena escala. Tamén souberon da existencia de problemas de salubridade no río, dos que os veciños deron queixas e do interese en mellorar unha situación que a maioría ve esgotada.

Cada un dos alumnos e alumnas tomou boa nota dos problemas que describiron os habitantes de Cela e Taboi aos que engadiron as curiosidades que observaron sobre a zona. Os mozos e mozas holandeses chamoulles especialmente a atención a falta de preocupación da poboación ante unha crecida do río Miño que consideraron excesiva. Neste aspecto puideron afondar durante o xantar. Tamén detectaron dous dos grandes problemas que levan ameazando ao rural galego nos últimos anos: o envellecemento da poboación rural e a súa dispersión.

Todas estas observacións pasaron a formar parte dos seus plans de futuro para a zona, pero para iso é preciso seguir avanzado.



## OS ALUMNOS EMPÁPANSE DA TEORÍA SOBRE A ÁREA DE ESTUDO

---

Despois de xantar os tres grupos trasladáronse xuntos cos profesores ao Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) onde decidiron recompilar toda a información e datos obtidos ata o momento para a súa posta en común. Os alumnos tiveron que discutir e elaborar unha frase que condensase os problemas da área de estudo. Unha vez a frase foi enunciada, fixeron un mapa conceptual para analizar os problemas e, finalmente, tomando o mapa como base, levaron a cabo unha tormenta de ideas.

Os grupos asistiron ademais a tres presentacións sobre a paisaxe e os cambios aos que se ten visto sometida nos últimos anos. En primeiro lugar, Eduardo Corbelle, investigador do *Laboratorio de Territorio* e profesor do Master Terra, foi o encargado do relatorio '*Evolución da paisaxe na área de estudo*'. Eduardo falou sobre os procesos que tiveron lugar nos últimos 50 anos na área de estudo e que produciron os cambios nos usos do solo que se observan hoxe en día. Por último, enumerou os problemas territoriais que se observan no rural galego na actualidade e que foron o resultado das dinámicas xa explicadas.

Para afondar máis, un membro da *Asociación Galega de Custodia do Territorio*, Óscar Rivas, ofreceu unha visión das consecuencias dos cambios da paisaxe para os valores naturais e deu conta de diferentes experiencias sobre como preservar valores naturais promovendo prácticas agrícolas sostibles a través de acordos de custodia agrícola do territorio. Por último, Marta, responsable do programa '*de aquí, xusto e ecolóxico*' da ONG *Cova da Terra*, que ten como obxectivo formar mozos desempregados que desexan comezar a súa propia granxa, ilustrou aos estudantes sobre a importancia social dos sistemas alimentarios locais. A súa conferencia versou sobre as posibilidades de creación de emprego para mozos no sector agrícola baseadas no traballo

que está a desenvolver a propia asociación e nos resultados obtidos ata o de agora.



## ARQUEIXAL, AFRONTAR O FUTURO TENDO EN CONTA O PASADO



O xoves 6 de marzo o grupo desprazouse media hora en autobús desde Lugo ata Palas de Rei para visitar unha granxa tradicional restaurada. Achegarse a Arqueixal, en Santiago de Albá, supón facer unha viaxe a través do tempo. O propietario, José Luis Carrera Valín, acompañou aos estudante ata o parladoiro onde os convidou a

somerxerse de cheo nas terras da Ulloa a través dun breve documental baixo o nome 'O segredo do queixo'.

Volvemos á Galicia dos anos sesenta. Unha muller con mandil de cadros, lentes e pano sobre a cabeza moxe a vaca na corte, no mesmo espazo no que vive a familia e o resto do gando. As pitas soben e baixan polo galiñeiro de madeira que pende da parede exterior da casa. Andrés García, investigador do Laboratorio do Territorio e coordinador do obradoiro, tradúcelle ao auditorio as verbas en galego de Evanxelina Valín: *"Xa dicía o meu marido, a miña muller era moi limpa, facía queixo cunha man no cú e a outra no queixo"*. Referíase ao cú do recipiente no que se verte o leite antes de elaborar o produto. A medida que avanza a película na que se recrea o proceso de elaboración do queixo os alumnos interesáronse por varios aspectos, entre eles, a procedencia das vacas, o leite preciso para elaborar cada peza (arredor dos oito litros) e a forma de salgar. A falta de aparellos de frío obrigaba a empregar sal gordo que facía unha dobre labor de conservación e de salgado.

Carrera Valín explicoulles que Arqueixal (Arte do Queixo de Albá) nace no ano 1989 sendo fiel á tradición e innovando, pero sen deixar de lado o pasado. Os piares sobre os que se asenta a actividade teñen que ver coa produción de leite, a transformación, o eco-agroturismo activo e a cultura do coñecemento baseada na tradición. A industria láctea conta con 30 vacas de raza parda e xestiona 30 hectáreas de terreo, das cales só sete son propias e as demais alugadas aos veciños. Valín defende a continuidade dun minifundismo positivo, ao estilo das agras que os grupos viron en Cela e Taboí, porque se mantén a paisaxe tal e como estaba antes, pero coa terra tratada e coidada. "A concentración parcelaria acabaría con esta imaxe", resume o dono de Arqueixal.

José Luis valora que as parcelas xa estean divididas por sebes e valados, o que permite rotar o gando entre elas. Presérvanse así estes elementos tradicionais que á súa vez axudan a manter a biodiversidade e, polo tanto, a protexer os cultivos (cantos máis depredadores haxa

controlaranse mellor as pragas). O propietario mencionou que conseguiu máis fincas alugándoas e chegando a acordos cos veciños, polo tanto, o minifundismo non era un problema para el, posto que a parte negativa solucionouna buscando outras formas de conseguir terra.

A produción de Arqueixal ascende aos 500 litros ao día que destina á fabricación de queixo cremoso, leite envasado en botella de cristal e iogur. Todo o proceso séguese a facer de xeito artesanal, *"só cambia o molde de madeira por un máis moderno, pero o demais segue intacto"*, precisa. Tamén a comercialización trata de preservar as orixes. A queixería segue un modelo por espiral: o máis local e directo posible onde haxa só un intermediario entre o consumidor e o produtor ou ningún. Ademais, seguen a filosofía dos grupos de consumo como cooperativas ou asociacións aos que venden de xeito directo.

Amais de por en valor os alimentos producidos desde a aldea, en Arqueixal existe un compromiso forte coa posta en valor do patrimonio. Tanto é así que teñen reconstruído parte dunha aldea con criterios de sustentabilidade e co uso de materiais da zona e recursos locais e enerxías renovables. O espazo que rodea á granxa converteuse nun decorado no que se recrea unha vivenda humilde do século XIX no interior de Galicia. Valín preséntao como un eco- museo vivo. A



aldea está a disposición dos turistas aos que convidan a implicarse na actividade da granxa, na medida que elixan. Hainos que axudan a muxir as vacas e incluso quen se anima a recoller herba no prado. O promotor da iniciativa recoñece que

*"con todo este traballo conservamos unha paisaxe agraria única que hoxe non se atopa no resto da comunidade".*

A labor social de Arqueixal non remata aquí senón que anualmente organizan un evento chamado Son d'aldea no que toda a parroquia participa nunha actividade teatral de recuperación das tradicións. A aldea échese de vida e de xente moza que escenifica como era nos anos 40 e 50 cando os núcleos rurais estaban repletos de habitantes. A xornada pon de manifesto a necesidade de recuperar a autoestima que implica ser de aldea a través da recreación de oficios tradicionais e actividades agrarias como a sega e outras como o cocido do pan ou o lavado a man da roupa. Con todo, teñen conseguido que Albá deixara de perder poboación nos últimos anos.

A visita dos estudantes a Albá rematou cun paseo polas instalacións da granxa e co achegamento ás vacas. De alí o autobús partiu cara o Castelo de Pambre, en obras, onde xantaron antes

de volver a Lugo. Os estudantes puideron ver como o propietario de Archeixal conseguiu darlle un valor engadido aos produtos tradicionais baseándose nos principios dos sistemas alimentarios locais. Grazas a esta forma de entender a súa actividade pode manter un negocio agrícola que respecta o medio ambiente poñendo en valor aspectos culturais e paisaxísticos.



## TRABALLO SOBRE AS SOLUCIÓNS PARA O TERRITORIO



Os alumnos traballaron tendo en conta a frase que consideran que aglutina todos os problemas que detectaron na área de estudo:

*A falta de coherencia e identidade do valor da terra na xente leva a unha diminución nos valores ecolóxicos, estruturais e culturais.*

Fixeron un repaso polas eivas territoriais que ten Galicia, e cal foi a evolución desde a agricultura do autoconsumo á industrializada. De novo recordáronse os motivos polos que se elixiu Cela e Taboi como área

de estudo e que teñen que ver cos valores que suman -naturais e paisaxísticos- nos que observar parte desa transformación que sufriu o agro na Comunidade.

Os grupos elaboraron un mapa conceptual para estruturar os problemas e finalmente fixeron unha tormenta de ideas onde se lles dixo que pensasen que eran uns superheroes cos poderes precisos para solucionar o problema.

O terceiro día, deixóuselles debuxar libremente nun taboleiro para achegar solucións á área de estudo. Este exercicio fíxose para fomentar a súa creatividade e que achegasen solucións innovadoras. Nel puideron verse diferentes alternativas, como edificios nos que se cultivan vexetais e se crían porcos e que liberan espazo para conservación da natureza, así como a existencia de granxas en comunidade ou de casas baixo a terra para aproveitar a superficie. Houbo quen propuxo bosques de madeira e alimentos e tamén o aproveitamento da terra a través do turismo. Foi a primeira aproximación coa que cambiar o porvir dunha terra cun futuro incerto.

Posteriormente seguiron elaborando un plan para Cela e Taboi baseándose en cómo verían as parroquias dentro de 20 anos tendo en conta as ideas xeradas no exercicio previo.

A partir dese momento os grupos avanzaron nas solucións que terían que ofrecer nunha presentación pública prevista para o venres ás sete da tarde no Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera, á beira do Río Rato.

## A VISIÓN DOS ALUMNOS SOBRE A PROBLEMÁTICA DA ÁREA DE ESTUDO

**Anouk Steinvorte** é estudante de arquitectura da paisaxe e xestión de espazos públicos en Holanda. A súa percepción sobre a área de estudo ten que ver cunha zona na que só vive xente moi maior, na que prolifera a fragmentación do territorio e na que hai unha preocupación crecente pola contaminación do río que rega a paisaxe. Da conversa que mantivo cos veciños de Cela e Taboí puido deducir que culpan desta problemática a unha gandería intensiva que crea un exceso de nutrientes no río debido aos puríns.

A formulación que fai Anouk ten que ver cun concepto que moitos dos alumnos evocan nas súas propostas que é a concienciación. Cren necesario que os habitantes dun territorio poidan coñecer a súa relevancia e valores naturais para poder preservalos e respectar a natureza, o mesmo punto ao que conseguiu chegar José Luis Carrera na súa granxa de Arqueixal. A estudante pon como exemplo as cabichas que todo o mundo pode tirar ao chan. É a concienciación sobre o dano que poden producir a que obriga a que non se lancen a través das fiestras do automóbil ou se tiren no monte, posto que poden provocar un lume forestal, resume.

As solucións nas que traballou o grupo de Anouk conceden ademais relevancia á incorporación das novas tecnoloxías ao mundo rural para poder potenciar as súas posibilidades.

**Asier Bea** é un dos alumnos galegos do Master de Xestión Sustentable da Terra e do Territorio. Estudou Enxeñería forestal. Ao igual que os seus compañeiros traza unha radiografía da área de estudo definida polo abandono da terra, a despoboación e a marcha dos mozos en busca de oportunidades laborais que non atopan no rural. Cunha excepción. Asier é galego e leva convivindo con esta imaxe de Galicia dende a súa infancia. Sabe que cada vez é maior o número de xente nova

que non atopan respostas ao seu futuro no campo e que a falta de perspectivas laborais os obriga a deixar o país. Aínda así, considera que existe marxe para o cambio.

Enumera un listado de inconvenientes similar aos dos seus compañeiros. Cita a importancia de cambiar o uso do solo, o envellecemento da poboación, a fragmentación da propiedade ou o esgotamento dun sistema produtivo que non é capaz de atraer xente ao rural.



O estudante valora de xeito especial a metodoloxía de traballo que está a implementar o obradoiro e recoñece o “adianto” e “dinamismo” dos alumnos holandeses con respecto aos demais. Destaca a claridade das ideas sobre a ordenación do territorio e a súa relevancia, así como a formación que os alumnos da Universidade de Ciencias Aplicadas Van Hall Larenstein teñen en nesta materia. Asier observa que

en Holanda están máis asentados certos conceptos de ordenación do territorio que en Galicia aínda se ven como novidosos.

Segundo os alumnos foron desenvolvendo as súas presentacións tamén os profesores se esforzaron porque o coñecemento sobre o territorio correspondera fielmente coa realidade. Irene Visser precisou que “o que vimos en Cela e Taboi non é a única cara de Galicia”. Invitou aos estudantes a ter presentes os vínculos de unión entre o rural e a cidade, unha relación que puideron apreciar na excursión en bicicleta entre Rábade e Outeiro de Rei.

*Irene Visser* é enxeñeira medioambiental e arquitecta da paisaxe e forma parte do equipo de mestres que acompaña ao grupo holandés. Concédelle un papel fundamental ás enerxías e tamén á presenza da auga como elemento vertebrador do territorio.

*Natalia Pacurucu* é arquitecta, ecuatoriana, e comparte mesa de traballo con dous compañeiros holandeses. Pon en valor que o seminario sexa capaz “en tan poucos días” de facer un diagnóstico sobre o doente –o territorio- e ser capaces de dar coa medicina – as solucións-. Introduce un termo novo no que xa se detiveran algúns membros dos outros grupos: o papel da clase política na resolución do conflito. Natalia vai máis alá e achega a seguinte reflexión: “debe ser un conxunto entre cidadáns e políticos, pero sen a implicación destes últimos non se pode arranxar”.

Coincide cos demais alumnos do Campus de Lugo cando apunta que a ordenación do territorio se revela máis importante en Holanda que nos demais países de orixe dos membros do grupo, entre os que se atopa España.

*Martyn File* estuda arquitectura da paisaxe en Holanda. A súa primeira sorpresa en relación coa terra en Galicia foi a gran diferenza que existe con outras zonas de España como Andalucía. “Pensei que sería parecido pero aquí hai máis árbores e chove máis”, relata. Deseñou unha


proposta para a área de estudo que poida executarse pouco a pouco porque *“se o fas rápido pode que non asimilen os cambios”*.

Ao igual que xa o formulara unha das súas compañeiras, Martyn introduce o turismo como unha peza clave para recuperar a zona. A través da súa potenciación podería crearse traballo e facer que a xente volva ou permaneza no territorio rural sen a necesidade de volver ao ámbito urbano. Para evidenciarlo bota man dunha boa metáfora: “a área de estudo ten que atraer como un imán”. O estudante considera que isto é posible tendo en conta os valores dos que dispón a zona e que poden converterse nunha fantástica forma de promocionar Cela e Taboi.

Os grupos son conscientes de que o territorio debe ser atractivo, polo que Martyn suxire novos modelos agrarios nos que poidan convivir as casas de turismo rural e as granxas. Ao igual que a súa compañeira Anouk, tamén se inclina polas novas tecnoloxías para dinamizar e dar a coñecer a zona e os seus potenciais e riqueza.

Todos os estudantes comparten e valoran a metodoloxía posta en marcha para o desenvolvemento do taller, facendo fincapé nos resultados obtidos na tormenta de ideas, unha valiosa información que lles serviu como motivación para xerar novas ideas coas que traballar. Os alumnos holandeses agradecen a posibilidade que o obradoiro lles ofreceu para intercambiar experiencias con xente doutros países e poder empaparse da cultura e costumes galegos, a pesar do escaso tempo que pasaron na Comunidade.

## ALUMEANDO A SOLUCIÓN



Todos os alumnos e profesores volveron á beira do Rato onde cada grupo deu a coñecer a súa proposta a desenvolver nos próximos vinte anos para a área de estudo. No acto participou a responsable provincial de Medio Ambiente e Enerxías Renovables, Sonsoles López, quen mostrou unha actitude moi participativa e felicitou aos grupos por ter acadado unha aproximación tan fiel do territorio en tan só tres días. A Deputación de Lugo prestou a súa colaboración para o desenvolvemento do obradoiro, unha distinción que agradeceron alumnos e docentes.

## REFORMULACIÓN DA AGRA

A *primeira* das propostas foi a presentada a través dun mural composto por varias imaxes por unha alumna do Máster galego e por dous alumnos holandeses. Centráronse na importancia de reter á xente moza no campo a través da posta en valor e recuperación das agras. Para iso crearíanse granxas comunitarias nas que se xestionaría en común a terra das agras. Nestas granxas viviría a xente nova que obtería o seu sustento do traballo da terra baixo o prisma da agricultura ecolóxica.

O método do que se botaría man para cultivar a agra consistiría en cambiar a súa estrutura orixinal e o destino da súa produción, que tamén sufriría variacións con respecto ao pasado. Cambiarían a estrutura das parcelas das agras, facendo fincas rectangulares, de maior tamaño e uniformes, nas que se cultivarían produtos novos que hoxe en día non é doado atopar nos supermercados. Cada un dos rectángulos tería un cultivo propio. A súa comercialización faríase en mercados locais para os cidadáns máis próximos ao entorno no que se desenvolve a actividade. Outra das novidades sería o deseño de sendeiros que atravesan as agras a modo de división e nos que se plantarían árbores froiteiras. Os espazos libres entre as agras utilizaríanse para criar animais e utilizarían o abono que produciran nas agras.

O segundo dos piares nos que se asentaría a proposta ten que ver co turismo e coa capacidade de captar interesados en coñecer e achegarse ao rural, creando un lugar no que acampar e no que degustar os produtos típicos.

## EFFECTO DOMINÓ

O *segundo* dos grupos, máis numeroso que o precedente, baseou o seu modelo territorial no patrimonio e a paisaxe cuxa panca de acción funcionaría seguindo o "*efecto dominó*". A primeira peza, sobre a que pivotarían todas as demais sería o turismo, o motor de arranque da actividade. Para iso propoñen a promoción e revalorización das aptitudes da área de estudo a través do deseño dunha moderna aplicación para dispositivos móbiles na que os turistas poderían atopar rutas ou puntos de intereses para visitar.

A través da aplicación os usuarios poderían facer un repaso polo pasado e pola historia recente de Cela e Taboi, o que suporía un reclamo para a visita ao territorio. De aí viría toda a cadea de actividades relacionadas co ocio e o turismo especializado, as empresas dedicadas a ofrecer servizos máis completos, hoteis ou guías que acompañen nas rutas por ambas as parroquias. A idea evocaría o museo ao aire libre que os estudantes descubriron na súa visita a Arqueixal.

A presenza de xente nova traería consigo, segundo explicaron os membros do grupo, un intercambio xeracional, así como o agromar de novas ideas. A necesidade de desenvolver novos servizos nunha zona actualmente deprimida serviría tamén para dar continuidade ao efecto dominó no ámbito agrícola, na construción de vivendas ou na boa conservación do territorio e dos seus elementos naturais.



## COOPERATIVISMO DE DENTRO A FÓRA

A *terceira* e última das propostas foi dada a coñecer a través dunha completa presentación baixo o título resumo: *outside-in, inside-out*. De dentro cara a fóra e viceversa. As solucións neste caso xirarían arredor de varios conceptos: comunidade, recursos locais, continuidade, biodiversidade e valores de ocio. Preservarían os valores naturais da área de estudo incorporando corredores ecolóxicos e producirían cultivos dentro das agras para vender nas cidades próximas.

Tamén o turismo estaría presente nesta opción de futuro con diferentes posibilidades como paseos a cabalo, sendeirismo ou as visitas ao bosque místico que se atoparía entre as dúas áreas de estudo. Os alumnos do terceiro grupo expositivo recoñeceron que os habitantes de Cela e Taboi se senten incapaces de cambiar nada pese ao arraigo á terra na que viven e os problemas que eles mesmos detectan. O novo escenario traballaría tamén na reintegración da poboación por vía da educación. Non só da que xa cohabita na zona senón de xente nova que poida traer novos fluxos e actividades ao rural.

Incorporarían ademais o concepto cooperativo de xestión da terra a través do manexo común dos bosques e a agricultura e o contacto con grupos de consumo aos que comercializar a produción. Propuxeron un modelo de goberno local e social no que todos intervirían na toma de decisións e crearían unha rede de servizos públicos a pequena escala con escolas ao aire libre nas que ensinar



as actividades tradicionais e a maneira sostible de xestionar o territorio. O plan sumaría ademais agricultura intensiva, plantación de árbores ou granxas de abellas que poidan producir negocios rendibles. O concepto máis innovador no que repararon é o das plantacións verticais con plantas que medran cara arriba e permiten aforrar espazo.

### *Vémonos en vinte anos!*

*Os alumnos e profesores clausuraron o taller coa convicción de que outro futuro é posible para a área de estudo e amosáronse confiados en que non teñan que pasar vinte anos para que a poboación volva ao campo. Agardan que con algunha das súas propostas, ou en combinación, se produza realmente o efecto dominó da recuperación baixo a premisa da conservación dos valores naturais e da paisaxe que se asentarán nos sistemas alimentarios locais.*